



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 318/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27 DE MARZO DE 2018.

- 1.- Ratificación da urxencia.

BENESTAR SOCIAL

- 2.- Proposta de participación do Concello de Vigo no proxecto "SENIORS_FRIENDLY_GNP" a presentar pola Deputación Provincial de Pontevedra á segunda convocatoria de proxectos programa de cooperación INTERREG V a España –Portugal (POCTEP). Expte. 151944/301.

CONTRATACIÓN

- 3.- Asunción temporal da xestión dos aparcadoiros subterráneos de Jenaro de la Fuente e avenida Castelao. Expte. 636/449.
- 4.- Aclaracións ás cuestións formuladas polos licitadores en relación co expediente de contratación do servizo de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes. Expte. 1537/611.
- 5.- Clasificación de ofertas no expediente de contratación das obras de humanización da rúa Colombia, Fase I. Expte. 4887/440.
- 6.- Clasificación de ofertas no expediente de contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teís e Samil. Expte. 5106/440.
- 7.- Clasificación de ofertas no expediente de contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios. Expte. 350/613.
- 8.- Proposta de desestimación de recurso de alzada interposto por Construciones Vale, S.L., no expediente de contratación das obras de humanización da avda. Atlántida. Expte. 5105/440.
- 9.- Proposta de modificación do contrato do subministro de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do Concello de Vigo. Expte. 17125/332.

ÁREA DE CULTURA

- 10.- Continuidade dos contratos de xestión integral da obra pública e do aparcadoiro da mesma do Auditorio Pazo de Congressos. Expte. 1750/330.

EDUCACIÓN

- 11.- Proposta de anulación da autorización e disposición de gasto para o pago do arrendamento da zona de oficinas do Auditorio-Pazo de Congressos de Vigo con zonas complementarias, para a sede da Aula da UNED en Vigo. Expte. 21915/332.

FESTAS

- 12.- Proxecto de convenio coa Asociación veciñal e cultural Casco Vello, para a organización da Festa da Reconquista 2018. Expte. 7412/335.

RECURSOS HUMANOS

- 13.- Plan de Formación 2018. Expte. 31221/220
- 14.- Corrección do erro material nas bases reitoras do proceso selectivo da bolsa de emprego público de Oficial Conductor. Expte. 31672/220.
- 15.- Corrección erro material anuncio BOP, OEP 2014, 2015 e 2016. Expte. 31706/220.
- 16.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous oficiais de instalacións, baixo a modalidade 10.1.d, do RDL 5/2015, do 30 de outubro, por un prazo máximo de seis meses para o servizo de Conserxería. Expte. 31463/220.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **27 de marzo de 2018, ás 14:30 :00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 318/1102

Notifíquese aos Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e aos demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para os efectos de información.

JRB/rs.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez